



ANUNCIO

APROBACIÓN DO ACORDO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE TROÁNS-SECTOR I (CUNTIS-PONTEVEDRA)

Ponse en coñecemento dos interesados na concentración parcelaria da zona de Troáns-sector I (Cuntis-Pontevedra), que con data do 8 de novembro de 2020, a directora xeral de Desenvolvemento Rural aprobou a resolución que a seguir se cita:

"Á vista da disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e en cumprimento do establecido no seu artigo 35, unha vez revisada a documentación e planos que o compoñen, polo presente acto **apróbbase** o acordo de reestruturación parcelaria da zona de Troáns-sector I (Cuntis-Pontevedra).

Conforme ao disposto no apartado 3 do artigo 16 da antedita lei, queda disolta a Xunta Local da zona.

Pola Xefatura Provincial do Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial desta Consellería do Medio Rural de Pontevedra, dispórase a súa notificación e publicación nos termos legalmente establecidos".

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, dentro do prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da recepción persoal ou publicación substitutiva.

A documentación e planos do acordo estarán accesibles na páxina web da Consellería do Medio Rural, na sección Publicacións:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentrations-parcelarias-procesos>

Pontevedra,

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra

María José Pérez Gil

(Asinado dixitalmente)

